

Manuel Daniel Varela Buxán, (A Estrada 1909, Cercio 1986). Logo de pasar a infancia separado dos pais — que traballaban de caseiros en diferentes lugares— regresou á casa materna, na parroquia lalinense de Cercio, onde traballou de zoqueiro e músico.

En 1930 embarcou para Arxentina; xa instalado en Bos Aires exerceu diversas profesións: vendedor de libros, garda de tranvía e corrector de probas nunha editora. Formou parte do coro Lembranzas da Terra, a partir do cal, fundaría —con Maruxa Villanueva e Fernando Iglesias "Tacholas"— a Compañía de Arte Regional Gallego 'Aires da Terra', que máis tarde pasou a ser Compañía Galega 'Maruxa Villanueva'. En 1938 estrearon o primeiro texto dramático do autor, *Se o sei... non volvo a casa*.

Varela Buxán estudou en Ourense o Bacharelato Elemental e en Santiago de Compostela a carreira de Técnico Sanitario, profesión que exerceu o resto da súa vida e que compaxinou coa representación e publicación das súas pezas teatrais: *O Ferreiro de Santán*, *Taberna sin dono* (1975), *A xustiza dun muiñeiro*. *Se o sei...non volvo a casa* (1977) e *O cego de Fornelos e outras comedias curtas, diálogos e monólogos* (1981). O seu labor viuse premiado co recoñecemento por parte de diversas institucións que lle renderon homenaxe en Galicia e no estranxeiro.

SINOPSE

Manuel Daniel Varela Buxán é un dramaturgo galego de obra prolífica. Esta é unha peza cómico-sentimental en tres lances.

O acontecemento desenvólvese nunha aldea de Galicia, época actual, unha típica taberna galega onde o dono, Manuel, é de corazón brando e a súa falta de carácter fai que todos se aproveiten del.

Esta peza estreouse na República Argentina pola compañía galega Marujita Villanueva no ano 1941, co actor Fernando Iglesia (Tacholas) interpretando a Don Manuel.


“A taberna sin dono” de Varela Buxán

ELENCO

Manuel.....	LUZ SANTOS
Parrascana.....	MERCEDES PAZ
Silvestra.....	BERTA VEIGAS
Aurora.....	TOÑI CASEIRO
Don Pomar.....	JOSE CARLOS RIVERA
Fermin.....	REGINA NAVARRO
Goleta.....	CHARI DOMINGUEZ
Espiritista.....	PURI CARREGAL
Gaiteiro.....	LUIS ÁLVAREZ
Coego.....	BERTA VEIGAS
Carceleiro.....	AURORA PÉREZ
Vaqueiro 1.....	LUIS ÁLVAREZ
Vaqueiro 2.....	Mª CARMEN VALEIRA
Vaqueiro 3.....	TERESA DORSÉ

DIRECCIÓN

ALEJANDRA ABREU



AGARIMO

ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA Y CONSUMO
GRUPO DE TEATRO VIGO

ORGANIZA:



ONG "PROYECTO HUMI"
Huérfanos Misión Mishikishi
Ndola (Zambia) - África

A taberna sin dono

de Manuel Daniel Varela Buxán



**Domingo 4 de novembro de 2012 ás 19.30
horas**

PATROCINA:



**Auditorio Centro Cultural
NOVACAIXAGALICIA**

A favor da ONG PROYECTO HUMI